

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

CURSO: 3º ESO

MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL

DEPARTAMENTO: DEBUXO

DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Identif. criterios	Identif. estándar	Comp. Clave	Estándares de aprendizaxe
B1.1.	EPVAB1.1.1.	CAA	Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.
B1.1.	EPVAB1.1.2.	CSIEE	Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.
B1.1.	EPVAB1.2.1.	CSIEE	Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
B1.2.	EPVAB1.2.1.	CSIEE	Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
B1.3.	EPVAB1.3.1.	CCEC	Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.
B1.4.	EPVAB1.4.1.	CSIEE	Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.
B1.4.	EPVAB1.4.2.	CSC	Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
B1.4.	EPVAB1.4.3.	CSIEE	Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.
B1.5.	EPVAB1.5.1.	CCL	Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
B1.5.	EPVAB1.5.2.	CCEC	Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
B1.5.	EPVAB1.5.3.	CCEC	Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.
B1.5.	EPVAB1.5.5.	CSIEE	Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
B1.5.	EPVAB1.5.6.	CSC	Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
B1.5.	EPVAB1.5.7.	CSC	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
B2.1.	EPVAB2.1.1.	CAA	Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.
B2.2.	EPVAB2.2.1.	CSC	Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.
B2.2.	EPVAB2.2.2.	CCEC	Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.
B2.4.	EPVAB2.4.1.	CCL	Distingue significante e significado nun signo visual.
B2.5.	EPVAB2.5.1.	CCL	Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.
B2.5.	EPVAB2.5.2.	CCEC	Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.
B2.8.	EPVAB2.8.1.	CSC	Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.
B2.9.	EPVAB2.9.1.	CCL	Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.
B2.11.	EPVAB2.11.1.	CD	Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.
B3.1.	EPVAB3.1.1.	CCL	Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz,

			circunferencia, esfera, rectas
B3.2.	EPVAB3.2.1.	CAA	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.
B3.3.	EPVAB3.3.1.	CMCCT	Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.
B3.4.	EPVAB3.4.1.	CMCCT	Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.
B3.4.	EPVAB3.4.2.	CAA	Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.
B3.5.	EPVAB3.5.1.	CMCCT	Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.
B3.6.	EPVAB3.6.1.	CSIEE	Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.
B3.8.	EPVAB3.8.1.	CD	Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.
	Instrumentos: Producións plásticas. Rúbricas
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Farase a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación. A realización das tarefas propostas no 3º trimestre servirá para subir ata un máximo de 2 puntos a nota media das anteriores avaliacións. Estes 2 puntos se dividirán proporcionalmente entre o número de tarefas propostas ao longo do trimestre. Ao alumnado que realice todas as tarefas de forma correcta sumaráselle estes 2 puntos á nota media das avaliacións anteriores.
Proba extraordinaria de setembro	Consistirá na realización dunha proba de carácter mixto que combine preguntas obxectivas, preguntas abertas, resolución de exercicios e problemas, e a realización de producións plásticas segundo as instrucións marcadas.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: É imprescindible a realización e entrega das tarefas de reforzo e repaso propostas pola profesora.
	Criterios de cualificación: Cada tarefa realizada estará cualificada do 1 ao 10. Cada tarefa terá un peso proporcional na nota final da materia. As tarefas non entregadas obterán unha cualificación de 0.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> • Procedementos: análise das producións dos alumnos/as. • Instrumentos: producións plásticas, rúbricas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades propostas son fundamentalmente de recuperación, repaso e reforzo das aprendizaxes traballadas nas anteriores avaliacións.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía será non presencial. As instrucións e os materiais de apoio precisos para a realización de cada tarefa colgaranse na aula virtual correspondente. No caso do alumnado sen conectividade faráselle chegar a través do servizo de fotocopias que oferta o concello. Manterase contacto periódico co alumnado a través do correo electrónico, vídeo conferencia e teléfono, para acompañar ao alumnado no desenvolvemento da tarefa e axudalo coas dúbidas e problemas que xurdan.
Materiais e recursos	Fundamentalmente recursos didácticos relacionados coas Tics: webs, recursos audiovisuais, gamificación, presentacións interactivas, etc... obtidos de internet e tamén elaborados pola profesora. Os materiais son os materiais gráfico-plásticos propios da materia.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. A través dos medios de comunicación habituais dende que se decretou o confinamento: correo electrónico e tokapp.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.